



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Decembro 2022 • Nº 273



*Vedra por un nadal verde,
sostible e solidario!!*

*Fagamos que en Vedra no 2023 a
economía circular sexa máis posible!!*

*A Corporación Municipal de Vedra
deséxache unhas felices festas.*



*...se es de Vedra,
...se vives en Vedra,*

*...Empadrónate
en Vedra!!*




DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

CALENDARIO

■ Durante o mes de decembro chegará a cada casa vedresa o voso calendario municipal.

Se rematado o ano non o recibes chama ao 981 814 612 e farémoscho chegar.





1ª Campaña de microchipeado e esterilización de cans e gatos en Vedra, en colaboración coa Asociación APACA.



Visita da Asociación Mulleres Rurais de Cambados a Vedra.



Actuación dos Bolechas no Pasabodeghiñas 2022 grazas ao Programa Falaredes da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Entrega do donativo de 500 € das Mans da Avoa á Cruz Vermella.



Visita dunha delegación armenia do proxecto europeo TOWAV a Vedra, liderado pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.



Curso “Como crear un establecemento turístico singular”, no Programa formativo 2022 de A Estación.



Foi en... Novembro



Presentación oficial do Programa A Estación Cultural en Vedra.



Actuación musical de Sheila Patricia na Estación Cultural.



Primeiro estudo de radio e podcast na Estación Cultural.



O magosto na Estación Cultural.



Momento da ruta polo patrimonio oculto de Vedra na Estación Cultural.



Unha das actuacións de corais na Estación Cultural de Novembro.



Reunión de avaliación final e peche do Programa de Voluntariado Xuvenil Val do Ulla 2022 entre Vedra e Boqueixón.



Reunión informativa sobre o curso de Competencias Dixitais no Concello de Vedra.

ASÍ FORON AS INICIATIVAS ASOCIATIVAS



Formación Principios Creativos da Comedia da A.C. Papaventos.



Circuíto Galego de Teatro Amador 2022 da A.C. Papaventos.



Magosto da Comisión de Festexos de Vilanova.



Unha das sesións dos Talleres Micófilos no CPI de Vedra da Asociación AMABUL.

CONTINUÁN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS!!!

■ Como cada final de ano o Alcalde propón xuntanzas coa veciñanza en cada unha das doce parroquias

de Vedra para tratar temas de interese xeral. Axenda para os meses de decembro e xaneiro:

DATA	LUGAR	HORARIO
Luns 12 de decembro	Local Social de San Fins	Ás 20:30 horas
Martes 20 de decembro	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Martes 27 de decembro	Local Social de San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves 29 de decembro	Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón	Ás 20:30 horas
Martes 10 de xaneiro	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Xoves 12 de xaneiro	Local Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 horas
Luns 17 de xaneiro	Local Social de Ponte Ulla	Ás 20:30 horas

BONIFICACIÓN IBI 50% DURANTE 3 ANOS POR INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES

■ O Pleno do Concello de Vedra do 30 de novembro de 2022, a iniciativa do PSdG e co apoio unánime do resto da corporación (PP e BNG), aprobou na ordenanza do IBI unha bonificación do 50% do imposto os inmobles de uso residencial, que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol para autoconsumo, duran-

te os tres anos seguintes á data de instalación e sempre que se cumpran unha serie de requisitos técnicos e xurídicos alí establecidos.

Toda a información no Departamento de Xestión Tributaria. Podes facer a túa consulta a través do teléfono 981 814 612.

Educación

VEDRA MEDRA

■ O mes de novembro é un mes de celebración para Vedra Medra. Coincidindo co día do San Martiño fixemos o magosto no centro e convocamos a toda a rapazada a xogar. Fixémolo con xogos populares e acompañados de avós e avoas que compartiron a xornada festiva con nós.

Achegar o patrimonio lúdico ao alumnado é un dos obxectivos que marcamos no proxecto para este curso 2022-2023. Quixemos facelo como mellor sabemos, xogando, e sempre coa presenza das persoas informantes que nos veñen acompañando desde hai sete anos.


Para elas vai a nosa homenaxe no Día Internacional do Patrimonio

Mundial que festexamos o 16 de novembro. Cómpre recordar que neste día se conmemora o 50º aniversario da Convención do patrimonio mundial, cultural e natural asinada en París un 16 de novembro de 1972.

En breve, difundiremos os *podcast* realizados polo alumnado de 3º da ESO centrados na divulgación das dúas temáticas que traballamos en O Camiño tamén dá xogo!: o Camiño de Santiago e os xogos tradicionais.

E estamos preparando a saída a San Miguel de Sarandón para revivir a tradición das cantarelas de Nadal. Vedra Medra continúa o seu camiño cunha decidida aposta

polo patrimonio. Para seguirmos, podes entrar na (revistafiadeiro.blogspot.com) ou no Facebook Vedra Medra.



Nadal en Vedra

Buzón real!!

■ Durante o nadal poderás deixar a túa carta aos Reis Magos no Buzón Real instalado nas dependencias municipais.



Festival de Nadal de Corais

■ Sábado 17 decembro ás 19:00 horas no Centro Sociocultural de Vedra

- Coral do Centro Sociocomunitario de Marín
- Coral Polifónica de Campo Lameiro
- Coral da Terceira Idade de Vedra

Os Fabulosos Cleaners

■ Domingo 18 decembro ás 17:30 horas no Centro Sociocultural de Vedra.

Un sorprendente espectáculo visual con pompas de xabón para todas as idades. Actividade gratuíta incluída no Programa Rede Cultural de Deputación da Coruña.

Ao remate... ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL!!

Todas as persoas participantes asistentes recibirán o seu agasallo de participación e os autores e as autoras das postais seleccionadas recibirán o seu premio. OLLO!! Todas as postais estarán expostas!!

Visita das súas Maxestades de Oriente a Vedra

■ Xoves 5 de xaneiro recepción dos Reis Magos ás 17:00 horas na Nave da Estación.

Con animación musical a cargo de CPM Eventos e moitas sorpresas!!!

hai♥Vedra

Merca en Vedra!

Este Nadal ... Hai Vedra! Merca os teus agasallos, adquiere produtos de calidade e axuda ao comercio local

01 Descubre

Visita a web haivedra.gal. Atoparás máis de 1000 produtos de case 20 comercios de Vedra.

HaiVedra é unha tenda en liña promovida polo Concello de Vedra en colaboración con todos os comercios do concello.



02 Escolle

Libros, bolsos, camisetas, artesanía, xoguetes, manualidades, ferretería, mel, verduras, carteiras, electrónica...

Navega polas categorías da web e escolle o que máis che guste.

03 Selecciona

Cando elixas o teu produto podes engadilo ao carrizo. Escolle tantos produtos como queiras. Da igual de cantos comercios!

Cada produto indica que comercio o pon á venda.




04 Merca

No carrizo poderás seleccionar a forma de pago e o método de envío para cada produto. Tes moitas opcións para seleccionar a mellor para ti!

E Lembra

- Hai Vedra é un comercio seguro no que poder facer as mercas con confianza.
- Se tes un comercio e queres vender en haivedra, podes poñerte en contacto co Concello ou enviar un email a tenda@haivedra.gal
- Se durante o proceso de compra ou de actualización tes algunha incidencia envíanos un correo electrónico a soporte@haivedra.gal



Nadal asociativo en Vedra

Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla

■ Data: 10 de decembro ás 20:00 horas.

Lugar: Nave da Estación.

Programa:

- Coro San Simón, de Cacheiras, Teo.
- Coro de Cámara Música Viva, de O Carballiño - Ourense.
- Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.



Cantarelas de Nadal coa Asoc. San Campio

■ Luns 26 de decembro ás 19:30 horas.

Lugar: Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Cantares, música e baile, petiscos varios e chocolate con churros.

Coa colaboración do Concello de Vedra.

Festa de fin de Ano coa Asoc. San Campio

■ Infantil e familiar. Venres 30 de decembro a partir das 19:30 horas.

Lugar Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Coa colaboración do Concello de Vedra.

Nadal coa Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla

A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla presenta:

Festival de Nadal



Domingo 18 de decembro de 2022 ás 17:30h
CASA CULTURAL DE SANTA CRUZ DE RIVADULLA

Colabora:  

INTRODUCCIÓN Á TECNOLOXÍA, MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS



INSTRUMENTOS DE VENTO METAL

Luns 26 de decembro de 2022
Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla do
Concello de Vedra

Máis información nos teléfonos 652415887/616440482

Colaboran  

IMPARTIDO POR
**VICENTE
CASTRO**



INTRODUCCIÓN Á TECNOLOXÍA, MANTEMENTO E REPARACIÓN DO



IMPARTIDO POR
PABLO PASCUAL

CLARINETE

Martes 27 de decembro de 2022
Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla do
Concello de Vedra

Máis información nos teléfonos 652415887/616440482

Colaboran  

Nadal en marcha coa Asociación Acuxuve

■ Data: 3 de xaneiro de 2023

Multiaventura no Ecoparque de Marín (tirolinas...) e visita nocturna á cidade de Vigo.

Prezo: 20 € (Inclúe transporte, actividade multiaventura, seguro da actividade, monitores acompañantes...)

Dirixido á xuventude de 12 a 30 anos.

Máis información e inscricións: acuxuve@gmail.com
- 619 520 793

Colabora: Concello de Vedra

Conciliación de Nadal!!!



ACAMPARTE DE NADAL
PROXECTO DE CONCILIACIÓN

XOGUETES PARA XOGAR

FÓRA DE XOGO

23, 26, 27, 28, 29 e 30 de DECEMBRO
2, 3, 4 e 5 de XANEIRO
DE 10:00 A 14:00 HORAS
*SERVIZO CONCILIA BAIXO DEMANDA

Alpa Crájeira *Anacos*

AMABUL
sección xuvenil

ESCOLA AMBIENTAL DE NADAL

CASA DAS ARTES DE SAN FINS (VEDRA)
do 23 de decembro ao 5 de xaneiro

CAMPAMENTO BENXAMÍN
(Nenas/os nadas/os entre 2016 e 2018)

CAMPAMENTO INFANTIL
(Nenas/os nadas/os entre 2009 e 2015)

CAMPAMENTO XUVENIL
(Mozas/os nadas/os antes de 2009)

ACTIVIDADES:
Xogos ambientais
Descubertas da contorna
Aprendizaxe sensorial Saldas de campo
Obradoiros de mellora do medio
Actividades de investigación
Xincanas ambientais Coesinanza libre

**PAZAS LIMITADAS
MAIS INFO E INSCRICIÓNS:**
www.amabul.org

AMABUL programa de capacitación ambiental
ASOCIACIÓN AMABUL ama a biodiversidade ulia
Concello de Vedra

LUDONADAL!!!

De luns a venres de 8.30 a 14.30 h. excepto festivos.
Anímate e goza o Nadal connosco!

Deporte

CAMPAÑA DE ESQUÍ 2023 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

■ A Deputación da Coruña dentro da programación deportiva para o ano 2023 pon en marcha a Campaña de esquí 2023 que terá lugar na **Estación Invernal de Valgrande-Pajares** (Asturias).

O Concello de Vedra solicitou prazas nesta campaña para os rapaces e rapazas de Vedra.

As persoas participantes neste programa gozarán de catro días con aloxamento e manutención, ademais de cursos de esquí.

Para participar é preciso ter entre 12 e 15 anos (cum-

pridos a 31 de decembro de 2022) e estar empadroados en Vedra.

PREZO POR PRAZA:

85 € (inclúe transporte, estancia, manutención, monitores, actividades de esquí, seguros,...)

+INFORMACIÓN NO TELÉFONO 981 814 691.

PRAZO DE PREINSCRICIÓN: ata o 15 de decembro. Se houbera máis solicitudes que prazas concedidas, realizarase un sorteo público para seleccionar os rapaces e rapazas participantes desta campaña.

BECAS DEPORTIVAS E ACADEMICAS EN EEUU

■ Queres saber que precisas para recibir unha beca deportiva en EEUU?

Queres saber que probas debes realizar?

All American convoca en Vedra unha charla para introducirnos neste descoñecido mundo. Unha xornada

da adicada a deportistas, familias e persoas interesadas en xeral.

- Data: 23 de decembro ás 18:00 horas.
- Lugar: Centro de Formación de Santa Cruz de Ribadulla (Casa da Estación).

Non precisas reservar cita. Só achégate e **informate!!**

Cultura

A ESTACIÓN CULTURAL. PROGRAMACIÓN DE DECEMBRO

TRADICIÓN

3 decembro: Nave da Estación

18:00 h. Apertura da Feira de artesanía. Con 12 postos nos que poderás facer as túas mercas de Nadal.

18:30 h. Mesa de experiencias sobre tradicións locais: Programa de radio.

19:30 h. Obradoiro de baile tradicional con Marcos Botana.

20:30 h. Concertos:

- Porembela
- Os da Porfía
- A Requinta da Laxeira

Ao remate foliada libre.

E o 4 decembro continúa a Feira de artesanía

12:30 h. Apertura ás 12:30 h.
Espectáculo infantil: "Mago Noel".

13:15 h. Sesión vermú con:

- A Gaita de Sarandón
- Grupo de baile "Os Campiños".

E PARA XANEIRO!! Se es creador/a (en calquera disciplina artística, literaria... ou empresarial), e se queres participar nunha mostra colectiva para visibilizar o teu quefacer, ponte en contacto con

nós en aestacioncultural@concellovedra.gal

DECEMBRO

Sábado 3

18:00 hs
Apertura da FEIRA DE ARTESANÍA

18:30 hs
MESA DE EXPERIENCIAS SOBRE TRADICIONS LOCAIS: Programa de radio

19:30 hs
OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL con Marcos Botana

20:30 hs
CONCERTOS
Porembela | Os da Porfía | A Requinta da Laxeira
Ao remate foliada libre

Domingo 4

12:30 hs
FEIRA DE ARTESANÍA
ESPECTÁCULO INFANTIL: Mago Noel

13:15 hs
SESIÓN VERMÚ CON:
A Gaita de Sarandón | Grupo de baile "Os Campiños"

Máis información en: concellovedra.gal
Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla - Vedra

Logos: Xunta de Galicia, European Union, Concello de Vedra, R, Xarada 2019, Galicia 2020

Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Bingo de Nadal** Xoves 15 de decembro ás 20:00 h.

■ **Festival de Nadal de Corais**
Sábado 17 de decembro ás 19:00 h.
Coa participación das corais:
• Coral do Centro Sociocomuni-

tario de Marín.

- Coral Polifónica de Campo Lameiro.
- Coral da Terceira Idade de Vedra.

■ **Merenda de confraternidade de Nadal e fin de ano**

Xoves 22 de decembro ás 19:00 h.

Prezo: 10 € (é necesario retirar ticket antes do 20 de decembro).

Concurso Miss e Míster Elegancia, badaladas, baile... Actuación musical.



LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar as vacacións de Nadal para traballar a educación en valores a través do xogo. O xogo é unha oportunidade para desenvolver, afianzar habilidades e reformular o sistema de valores individuais e da comunidade; por esta razón desenvolveremos diversas actividades que tratarán de incidir en aspectos como: a coeducación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a solidariedade, o respecto ás diferenzas, etc.

Con esta intención, ofrecemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro de xogos tradicionais
- Obradoiro de adornos de Nadal
- Visita de Papa Noel

- Cartas aos Reis
- SuperChef, Roscón de Reis
- Gran festa despedida de ano:
- E moitas sorpresas máis!!!

Durante as vacacións de Nadal a Ludoteca a través do proxecto Conxuga de conciliación terá o seguinte horario:

- De luns a venres de 8.30 a 14.30 h. excepto festivos. Anímate e goza o Nadal connosco!

Para calquera información poñerse en contacto no tel. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE




Concello
de Vedra

Muller



PROGRAMA “MULLERES +”

■ Obradoiro Xabóns para a igualdade realizado por mulleres participantes no Programa Mulleres+.



OBRAIDRO:
XABÓNS PARA A IGUALDADE
PROGRAMA MULLERES +
MARTES 22.11.2022 / HORA: 10.30-12.00

As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación en que se atopaba a vítima antes de padecela ou, polo menos, paliar os seus efectos.

- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra: de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas
- CIM, Centro de Información á Muller:
 - Atención psicolóxica os martes de 8.00 a 15.00 h.
 - Atención xurídica os xoves de 8.00 a 15.00 h.
- TELÉFONO 981 814 693

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento

(emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.

- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psico-social inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

Teléfono da muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinario coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servi-

zos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.

- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar..
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



Parabéns

A JOSÉ RODRÍGUEZ MOGO

Veciño de San Miguel de Sarandón e adestrador do C.D. San Mamede na actualidade e vinculado ao club toda a vida como xogador, adestrador e directivo.

O Comité Galego de Adestradores fixo entrega dos premios aos adestradores galegos máis destacados da pasada campaña e dos recoñecementos a formadores por unha traxectoria notable nas distintas delegacións federativas de Galicia, correspondéndolle o da Delegación de Santiago de Compostela da Real Federación Galega de Fútbol.



José Rodríguez Mogo, no centro da foto



A ANPA CEIP ORTIGUEIRA

■ A Anpa Ceip Ortigueira está levando a cabo o proxecto “MUNDO ESCOLAR” grazas á subvención da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Esta proposta levase a cabo a través de tres liñas de acción...Este mes contámosvos a primeira delas que xa se levou a cabo “XOGANDO NOS PATIOS”.



Os patios das escolas son espazos de encontro, reunión, xogo, comunicación, entretemento, e un longo etcétera de funcións que lle poderíamos asignar. Nestes lugares continúan reproducíndose roles de xénero e un emprego diferenciado dos espazos. Por ese mesmo motivo queremos realizar unha intervención para traballar a concienciación da importancia de empregar o xogo de forma igualitaria, fomentar que nenas e nenos perciban que poden xogar ao mesmo e ocupar os mesmos lugares sen ningún tipo de presión de rol. Empregaremos xogos e dinámicas levadas a cabo por persoal especializado e materiais expositivos reorganizando os espazos e dando visibilidade á necesidade de normalizar esta realidade (cartelería, pinturas, debuxos, cores, ...)

XORNADAS DE BAILE TRADICIONAL

Xornadas de baile tradicional
Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla
11. decembro.22 VEDRA

Mais información:
Asociación de Gaiterías Galegas
986 847 074 - 982 229 966 · secretaria@gaiterosgalegos.gal

ag asociación de gaiterías galegas
Deputación DA CORUÑA Servizo de Promoción e Relacións coa Cidadanía
Concello de Vedra

VII MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA DOMINGO 5 DE FEBREIRO DE 2023

■ O CDM Vértice, coa colaboración do Concello de Vedra, organiza unha nova edición da Maratón por Mmntaña A Camelia, con catro modalidades:

- Maratón: 42 km / 1900 m+
- Maratón por relevos: 21 km + 21 km
- Trail: 14 km / 370 m+
- Andaina: 14 km

A maratón é unha proba esixente que percorre paraxes cheas de historia, lendas e patrimonio: a ribeira do Ulla e os seus afluentes o Pereiro e o Pontillón (coas súas fervezas), os misterios do Pico Sacro e a súas vistas espectaculares, as lendas do Gundián e as veigas e montes de Vedra.



A maratón pode ser realizada por relevos en parella: o primeiro relevo cobre a primeira metade do percorrido e o segundo completa a proba.

O trail é unha proba adecuada para todo tipo de deportistas. É unha carreira rápida, que a través de camiños de monte conduce aos participantes ata o río Pereiro: alí agarda a auga e o barro que garanten diversión.

A andaina comparte percorrido co trail. Ofrece unha oportunidade única de gozar da natureza e do patrimonio de Vedra: camiños entre carballos, as sendas á beira do río Pereiro e lugares icónicos como a ferveza da Serra, a capela de Santa Isabel e a ponte de Bazar.

Máis información e inscricións en <https://clubvertice.es/a-camelia/>

O prazo de inscrición xa está aberto.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!